





**BECAS**  
FORMACIÓN  
COMPLEMENTARIA  
2022



Centro de formación e experimentación  
agroforestal de **Guisamo**

Lugar de Bos, nº14, 15640 Guisamo, Bergondo (A Coruña)  
Tel. 881 881 057 / 881 881 043. Fax. 881 881 044  
[www.cfeaguisamo.org](http://www.cfeaguisamo.org) / [cfea.guisamo@edu.xunta.es](mailto:cfea.guisamo@edu.xunta.es)



Formación agroforestal

**PROGANDO**

  
FUNDACIÓN  
JUANA DE VEGA



## BECAS FORMACIÓN COMPLEMENTARIA 2022

Ao longo do ano 2022 a Fundación Juana de Vega e o Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo desenvolverán os tres cursos seguintes

- Curso Básico de Froiteiras de pebida: maceiras de mesa, de sidra e transformados
- Curso Básico de Viticultura e Enoloxía
- Curso Avanzado de Viticultura e Enoloxía

### 1. OBXECTO DAS AXUDAS

Co fin de favorecer a formación complementaria do alumnado desenvolvendo a súa preparación teórica e práctica o Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo convoca un total de 18 becas financiadas pola empresa PROGANDO (6) e a Fundación Juana de Vega (12) que cubren os custos de matrícula nos cursos. O reparto destas bolsas farase segundo o recollido no anexo I.

### 2. PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán solicitar estas bolsas aquelas persoas que

- estean matriculadas no CFEA no curso 2021/2022 en calquera dos seus ciclos formativos.
- as tituladas nos últimos dous cursos académicos (2020/2021 e 2021/2022), no citado centro
- o alumnado do Ciclo formativo de grao superior Paisaxismo e medio rural que unicamente estean pendentes de superar o módulo do Proxecto de fin de ciclo

Non poden beneficiarse destas axudas:

- as persoas que xa foran beneficiarias en anos anteriores e non acadasen o certificado de asistencia no curso que se matricularan
- as que tiveran recibido ou solicitado outra axuda coa mesma finalidade

### 3. SOLICITUDES

As solicitudes se formalizarán segundo o modelo do anexo II e se remitirán por correo electrónico a [cfea.guisamo@edu.xunta.es](mailto:cfea.guisamo@edu.xunta.es) acompañadas por unha declaración xurada de non contar con outra axuda económica para o mesmo fin.

O prazo límite para a súa remisión é o 17 de febreiro.

### 4. CRITERIOS DE SELECCIÓN

As solicitudes presentadas en prazo e que cumpran os requisitos relacionadas no punto 2 se lles aplicarán os seguintes criterios de selección

- expediente académico:
  - para as persoas matriculadas no curso 2021/2022: media da cualificación obtida na primeira avaliación en cada un dos módulos nos que se realizase matrícula no presente curso
  - no resto dos casos: media simple do curso superados



- situación laboral:
  - a aquelas persoas que se atopen en situación de desemprego se lles aplicará unha ponderación de 1.20 sobre á puntuación acadada por expediente académico

No caso de ser preciso utilizarase como criterio de desempate a orde de entrada da solicitude no correo electrónico do centro.

## 5. XUSTIFICACIÓN DOS MÉRITOS ACREDITADOS

Para a xustificación dos requisitos de expediente académico a comisión avaliadora terá en conta os datos oficiais dos que dispón o centro.

A situación de desemprego deberá acreditarse, dentro do prazo recollido no punto 3, mediante certificación oficial con data posterior á desta convocatoria.

## 6. ADXUDICACIÓN

Unha vez obtida a lista baremada de solicitantes se procederá a adxudicar as bolsas atendendo á orde de prioridade dos cursos marcadas no anexo de solicitude e ao reparto das mesmas recollidas no anexo I.

Inicialmente o número máximo de bolsas por cada curso é de 6. No caso de non cubrirse as mesmas para un curso o exceso poderase acumular nos outros.

Só se adxudicará axuda para un curso salvo no caso de que quedasen bolsas desertas. En todo caso o número máximo de cursos subvencionados poderá ser de dous e nunca poden coincidir no básico e no avanzado de Viticultura e Enoloxía simultaneamente.

## 7. ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

Entenderase aceptada a bolsa se non se presentase renuncia á mesma antes do inicio do curso.

## 8. OBRIGAS DAS PERSOAS BOLSEIRAS

As persoas bolseiras comprométense a realizar a actividade formativa.

Unha ausencia inxustificada superior a un 10% da duración do curso suporá a perda do dereito a recibir o diploma de asistencia.

A ausencia inxustificada superior a un 15% da duración do curso trae asociada a baixa de oficio.

As ausencias só serán xustificadas nos casos que se relacionan e a súa xustificación farase mediante a presentación dos documentos que se indican:

- Asistencia a consulta médica: xustificante de asistencia sanitaria
- Enfermidade ou hospitalización: xustificante ou certificación
- Contrato laboral: contrato de traballo
- Asistencia a exames finais oficiais: xustificante de asistencia
- Deber inescusable de carácter público e persoal: xustificante que indique a causa ou certificado de ser o caso

O incumprimento por parte da persoa beneficiaria dalgunha das condicións recollidas nas presentes bases pode supoñer a súa exclusión doutras actividades complementarias organizadas polo Centro.



## ANEXO I

### PERSOAS MATRICULADAS NO TITULADOS RECENTEMENTE CURSO 2021/2022

#### BECAS PROGANDO

Básico de Viticultura e Enoloxía	2
Avanzado de Viticultura e Enoloxía	2
Básico de Froiteiras de pebida	2

#### BECAS FUNDACIÓN JUANA DE VEGA

Básico de Viticultura e Enoloxía	2
Avanzado de Viticultura e Enoloxía	2
Básico de Froiteiras de pebida	2

2  
2  
2

Centro de formación e experimentación  
agroforestal de **Guisamo**

Lugar de Bos, nº14, 15640 Guisamo, Bergondo (A Coruña)  
Tel. 881 881 057 / 881 881 043. Fax. 881 881 044  
[www.cfeaguisamo.org](http://www.cfeaguisamo.org) / [cfea.guisamo@edu.xunta.es](mailto:cfea.guisamo@edu.xunta.es)



ANEXO II.

**DATOS DO SOLICITANTE**

APELIDOS:		NOME:		DNI:	
ENDEREZO-LUGAR:				CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	E-MAIL:		DATA DE NACEMENTO:



**SITUACIÓN**

<input type="checkbox"/> matriculada/o no curso actual	<input type="checkbox"/> titulada/o nos curso (19/20 ou 20/21)	<input type="checkbox"/> Desempregada/o
--	--	---

**CURSOS SOLICITADOS**  
(Establecer unha orde de prioridade numerando do 1 ao 3)

<input type="checkbox"/> Básico de Viticultura e Enoloxía	<input type="checkbox"/> Avanzado de Viticultura e Enoloxía	<input type="checkbox"/> Froiteiras de Pebida
---	---	---

**DOCUMENTACIÓN PRESENTADA**

<input type="checkbox"/> Certificación da situación de desemprego	<input type="checkbox"/> Declaración xurada (Anexo III)
---	---

Sinatura do solicitante ou persoa que o represente

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_



ANEXO III.

APELLIDOS:		NOME:		DNI:	
ENDEREZO-LUGAR:				CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	E-MAIL	DATA DE NACEMENTO:	

Centro de formación e experimentación  
agroforestal de **Guísamo**  
Lugar de Bos, nº14, 15640 Guísamo, Bergondo (A Coruña)  
Tel. 881 881 057 / 881 881 043. Fax. 881 881 044  
[www.cfeaguisamo.org](http://www.cfeaguisamo.org) / [cfea.guisamo@edu.xunta.es](mailto:cfea.guisamo@edu.xunta.es)

Para xuntar á documentación requirida na convocatoria de becas, para os cursos coorganizados entre a Fundación Juana de Vega e o Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo.

Declaro que non teño solicitado ningunha axuda económica, que sexa incompatible coas becas convocadas

Sinatura do solicitante ou persoa que o represente

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

